



# ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Aprobados en Xunta Xeral de Colexiados/Colexiadas de 08-04-2008  
Modificados en Asemblea Xeral de Colexiados/Colexiadas de 21-12-2010  
Modificados en Asemblea Xeral de Colexiados/Colexiadas de 11-12-2012  
Modificados en Asemblea Xeral de Colexiados/Colexiadas 10-12-2013

# ESTATUTOS

## CAPÍTULO I NATUREZA, COMPETENCIA E FUNCIÓNS.

### Artigo 1. Natureza e réxime xurídico

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é unha Corporación de Dereito Público, amparada pola Lei, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia rexerese por estes Estatutos e a lexislación autonómica e estatal aplicable, sen prexuízo das leis que regulen o exercicio da profesión, así como polos regulamentos de réxime interior, que non poderán ir contra o disposto nestes Estatutos.

### Artigo 2. Principios constitutivos, ámbito territorial, sede, emblema

Son principios constitutivos da estrutura e funcionamento do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a igualdade dos/as seus/súas membros ante as normas colexiais, a electividade de tódolos cargos colexiais, a adopción democrática dos acordos e a súa liberdade de actuación dentro do respecto ás leis.

O seu ámbito territorial é o da comunidade autónoma de Galicia e a súa sede está situada na Rúa Espiñeira, 10 baixo, 15706 da cidade de Santiago de Compostela.  
O emblema do Colexio estará constituído por un anagrama inspirado na letra grega "psi"

### Artigo 3. Fins

1. Son fins do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:
  - a) O ordenamento do exercicio da profesión de psicólogo/a en tódalas súas formas e especialidades, a representación exclusiva da mesma, a defensa dos intereses profesionais dos/das colexiados/as e a protección dos intereses dos consumidores e usuarios receptores dos servizos prestados por aqueles/as.
  - b) Vixiar o exercicio da profesión, facilitando o coñecemento e cumprimento de todo tipo de disposicións legais que afecten á profesión de psicólogo/a, e facendo cumprir a ética profesional e as normas deontolóxicas da/do Psicóloga/o, así coma velar polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais dos/das colexiados/as; para iso promoverá a formación e perfeccionamento destes/as e cooperará na mellora dos estudos da licenciatura en Psicoloxía.
  - c) Fomentar a promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade.
  - d) Impulsar e desenvolver a mediación, facilitando o acceso e administración da mesma, incluída a designación de mediadores no caso de constituirse o Colexio como institución de mediación de conformidade co disposto na lexislación vixente.
2. O disposto no apartado anterior enténdese sen prexuízo da competencia da Administración Pública por razón da relación funcional.
3. Para o cumprimento dos seus fins o Colexio relacionarase coa Administración autonómica a través da Consellería competente en materia de Colexios Profesionais e con aquelas que ostenten a titularidade nos diferentes ámbitos de intervención profesional.

4. Dentro dos correspondentes marcos competenciais, o COPG poderá establecer tamén relacións con outras administracións, institucións e organismos de dentro e fóra de Galicia.
5. O COPG relacionarase igualmente con outras asociacións e colexios profesionais. Participará, asemade, no Consello Xeral de Colexios de Psicólogos do Estado Español de acordo á lexislación e normativa que sexa de aplicación.

#### **Artigo 4. Funcións**

Para o cumprimento dos seus fins, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia exercerá as seguintes funcións:

- a) Facilitar aos/ás seus/súas colexiados/as o exercicio da profesión procurando o maior nivel de emprego entre eles/as así como o seu perfeccionamento profesional continuado, colaborando coas Administracións Públicas e a iniciativa privada en canto sexa necesario.
- b) Exercer a representación que establezan as leis para o cumprimento dos seus fins e, especialmente, a representación e defensa da profesión ante calquera Administración Pública, institución, tribunal, entidade e particular, podendo exercitar o dereito de petición conforme á lei e propoñer cantas reformas lexislativas estime xustas para a defensa da profesión.
- c) Asumir a representación da Psicoloxía profesional galega no ámbito estatal e, no seu caso, no internacional.
- d) Ordenar no seu ámbito competencial o exercicio profesional dos/as colexiados/as e das sociedades profesionais de Psicoloxía, velando para que se desempeñe dignamente e conforme a criterios deontolóxicos e con respecto aos dereitos dos/das particulares, exercendo ao efecto a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial nos termos provistos na lei e nestes Estatutos.
- e) Garantir unha eficaz organización e funcionamento colexial promovendo a participación e o funcionamento de Seccións e Comisións especializadas e fomentando as actividades e servizos comúns de interese colexial e profesional na orde cultural, asistencial e de previsión. A estes efectos poderá establecer a colaboración con outros colexios ou entidades.
- f) Administrar a economía colexial mediante a elaboración e aprobación de presupostos anuais de ingresos e gastos, repartindo equitativamente as cargas coa fixación de cotas e aportacións, coas facultades de recadación e xestión necesarias.
- g) Organizar actividades de perfeccionamento e actualización científico-profesional das/dos colexiadas/os na orde formativa e investigadora, tales como cursos, xornadas, congresos, publicacións, e cantas outras se orienten aos obxectivos citados, en particular ás demandas derivadas das esixencias formativas no EEES (Espazo Europeo de Ensino Superior).
- h) Elaborar as normas deontolóxicas, elixir a Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e aprobar o seu regulamento de funcionamento, que se axustará ao disposto na normativa deontolóxica promulgada polo Consello Xeral de Colexios de Psicólogos do Estado Español.
- i) Defender aos colexiados e colexiadas no exercicio dos dereitos que lles correspondan polo desenvolvemento das súas funcións profesionais ou con ocasión das mesmas.
- j) Procurar a harmonía e colaboración entre os/as colexiados/as impedindo a competencia desleal entre eles/as, mesmo intervindo en vía de conciliación ou arbitraje nas cuestións

que, por motivos profesionais, se susciten entre elas/es, así como, no seu caso, resolver por laudo a instancia dos/das interesados/as as discrepancias xurdidas no cumprimento das obrigas dimanantes do exercicio da profesión.

- k) Adoptar as medidas conducentes a evitar o intrusismo profesional denunciando e perseguindo ante a Administración e os Tribunais de Xustiza os casos que sexan coñecidos pola Xunta de Goberno.
- l) Elaborar criterios orientativos sobre honorarios profesionais aos exclusivos efectos da tasación de costas xudiciais, e informar nos procedementos xudiciais ou administrativos nos que se discutan honorarios profesionais.
- m) Informar, nos termos provistos nas disposicións aplicables, os proxectos de lei e disposicións de calquera outro rango que se refiran ás condicións xerais do exercicio profesional, incluso titulación requirida, incompatibilidades con outras profesións, así como exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración Pública colaborando con ela para o mellor cumprimento dos seus fins.
- n) Participar cando sexa requirido nos consellos e organismos consultivos das distintas Administracións Públicas en materias da súa competencia profesional, informar os plans de estudo propios da titulación de psicóloga/o, colaborar na formación práctica dos/as futuros/as titulados/as e preparar a información necesaria para facilitar o acceso á vida profesional das/os novas/os psicólogas/os.
- o) Facilitar aos Tribunais de Xustiza a relación de colexiados/as que poidan ser requiridos/as como peritos/as en asuntos xudiciais, ou desinalos por si mesmo cando proceda.
- p) Emitir de oficio ou cando sexa requirido pola respectiva Administración Pública, informes e ditames en procedementos xudiciais e administrativos nos que se susciten cuestións que afecten a materias de competencia profesional. En especial atender as peticións de información sobre os seus colexiados/as e sobre as sancións firmes que se lles teñan imposto nos termos regulados polas leis.
- q) Cumprir e facer cumprir ás/aos colexiadas/os os Estatutos profesionais e regulamentos colexiais así como as normas e decisións adoptadas polos órganos colexiais en materia da súa competencia.
- r) Velar pola correcta distribución e uso das probas e material psicolóxico.
- s) Crear Seccións profesionais e Delegacións territoriais e elaborar os seus regulamentos respectivos.
- t) Crear o Rexistro de sociedades profesionais do COPG e mantelo actualizado.
- u) Dispoñer dun servizo de atención aos consumidores e usuarios, que tramitará e resolverá cantas queixas e reclamacións se presenten tanto polas propias persoas interesadas como polas organizacións de consumidores e usuarios. Este servizo debe permitir que as queixas e reclamacións se poidan presentar por vía telemática, a través da páxina web e do sistema de portelo único de acordo co previsto na lexislación sobre colexios profesionais.
- v) Cantas outras funcións lle atribúan as disposicións legais ou redunden en beneficio dos intereses profesionais dos/as colexiados/as ou da profesión.

## CAPITULO II DA ADQUISICIÓN, DENEGACIÓN E PERDA DA CONDICIÓ DE COLEXIADA/O

### Artigo 5 . Incorporación ao colexio. Crases

1. Teñen dereito a se incorporar ao Colexio os/as Graduados, Licenciados/as e Doutores/as en Psicoloxía, as/os Licenciadas/os e Doutoradas/es en Filosofía e Letras -Sección ou Rama Psicoloxía- e os/as Licenciados/as e Doutores/as en Filosofía e Ciencias da Educación -Sección ou Rama Psicoloxía-. Poderán tamén incorporarse ao Colexio quen obtivese a homologación do seu título académico a calquera das titulacións anteriormente mencionadas, conforme o sistema xeral de recoñecemento de títulos de ensino superior legalmente establecido.

A incorporación ao Colexio poderá realizarse como colexiado/a exercente e como colexiada/o non exercente.

Necesariamente, serán non exercentes aqueles/as colexiados/as que ostenten a titulación de Doutor/a en Psicoloxía, de Doutor/a en Filosofía e Letras -Sección ou Rama Psicoloxía- e Doutor/a en Filosofía e Ciencias da Educación -Sección ou Rama Psicoloxía- sen ostentar á vez o título de Graduado ou Licenciada/o en Psicoloxía, Licenciada/o en Filosofía e Letras -Sección ou Rama Psicoloxía- ou Licenciada/o en Filosofía e Ciencias da Educación -Sección ou Rama Psicoloxía- ou obtivesen a homologación do seu título académico a calquera das titulacións anteriormente mencionadas, conforme o sistema xeral de recoñecemento de títulos de ensino superior legalmente establecido.

Para obter a colexiación, ademais de ostentar a titulación requirida, haberá de solicitarse por escrito á Xunta de Goberno, aportando a correspondente documentación acreditativa, e abonar as cotas correspondentes. A solicitude de incorporación poderá facerse de forma presencial na sede do Colexio ou por vía electrónica a través do portelo único da páxina web do mesmo. Neste caso, acompañarase por vía telemática a documentación necesaria, sen prexuízo das comprobacións que o Colexio poderá realizar, conforme á lei, para a verificación da autenticidade e veracidade dos documentos aportados.

2. Asemade poderán incorporarse ao Colexio como colexiados/as xubilados/as quen atopándose en situación de retiro do exercicio da profesión por cumprimento da idade regulamentaria, así o soliciten. Para elo será necesario que teñan estado colexiados alomenos nos cinco anos inmediatamente anteriores á súa xubilación.

Os/as colexiados/as xubilados/as non poderán ser electores nin elixibles para cargos directivos e carecerán de voto na Asemblea Xeral, pero terán dereito aos servizos do Colexio aboando unha cota que será fixada anualmente pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta de Goberno.

3. Poderán incorporarse ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, como psicólogos/as asociados/as, profesionais xa incorporados a outro Colexio integrado no *Consejo General de Colegios de Psicólogos* que así o soliciten e reúnan os requisitos de titulación esixidos por estes Estatutos. Os/as colexiados/as asociados/as non poderán ser electores nin elixibles e carecerán de voto na Asemblea xeral, pero terán dereito aos servizos que o Colexio teña establecidos para o resto dos/as colexiados/as.

Tamén poderán incorporarse ao COPG como asociados/as os profesionais da Psicoloxía residentes noutro país tanto da Unión Europea como de calquera outro, que non teñan en Galicia o seu enderezo profesional, reúnan os requisitos de titulación esixido nestes Estatutos, e así o soliciten.

Os colexiados e colexiadas asociados/as aboarán a cota correspondente, que fixará para cada exercicio a Asemblea Xeral a proposta da Xunta de Goberno.

## **Artigo 6. Obrigatoriedade de colexiación e de inscrición no Rexistro de sociedades profesionais do COPG.**

A incorporación ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é requisito indispensable e obrigatorio para o exercicio profesional nos termos previstos nos artigos 2.3 e 3 da Lei 11/2001 do 18 de setembro de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os/As profesionais titulados/as vinculados/as coa Administración Pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral non precisarán estar colexiadas/os para o exercicio de funcións puramente administrativas nin para a realización de actividades propias da correspondente profesión por conta da Administración á que pertencen, cando a/o destinatario/a inmediata/o daquelas sexa esa Administración. Para o exercicio da actividade privada a colexiación será obrigatoria.

As sociedades profesionais cuxo obxecto social sexa a Psicoloxía soamente poderán exercer a súa actividade por medio de profesionais da Psicoloxía colexiadas/os, segundo o disposto no artigo 5.1 da lei 2/2007 de sociedades profesionais, e veñen obrigadas a inscribirse no Rexistro de sociedades profesionais do COPG aportando a tal efecto a seguinte documentación:

- a) Denominación, razón social e enderezo da sociedade.
- b) Data e reseña identificativa da escritura pública de constitución e notario/a autorizante; duración da sociedade se se constituíu por tempo determinado.
- c) A actividade ou actividades que constitúan o obxecto da sociedade.
- d) Identificación dos/as socios/as profesionais e non profesionais e, en relación con aqueles/as, número de colexiada/o e colexio profesional de pertenza.
- e) Identificación das persoas que se encarguen da administración e representación, expresando a condición de socio/a profesional ou non de cada unha delas.

Os/as profesionais ou sociedades incorporados/as a un Colexio Oficial de Psicólogos/as con distinto ámbito territorial que desexen exercer de forma ocasional ou secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia deberán cursar ao COPG comunicación da súa actuación, aos efectos do exercicio da función de control da actividade dos colexiados/as e das sociedades profesionais, en beneficio dos consumidores e usuarios. Para isto, o Colexio utilizará os mecanismos de comunicación e os sistemas de cooperación administrativa entre autoridades competentes previstos nas leis sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

No caso de desprazamento temporal dun profesional da Unión europea precisarase, para exercer en calquera parte de Galicia, dunha comunicación previa ao COPG, sen prexuízo do que establezan a lexislación estatal e a normativa vixente en aplicación do dereito comunitario, en particular a relativa ao recoñecemento de cualificacións.

## **Artigo 7 . Causas de denegación**

A colexiación só poderá ser denegada nos seguintes casos:

- a) Por carecer da titulación requirida.
- b) Por non abonar as cotas colexiais establecidas.
- c) Por terse ditado sentenza firme contra da/o interesada/o que a/o condene a inhabilitación para o exercicio profesional.

O acordo denegatorio de colexiación, que haberá de comunicárselle ao/á solicitante debidamente razoado, non esgota a vía administrativa.

#### **Artigo 8 . Perda da condición de colexiado/a**

1. Pérdese a condición de colexiado/a:

- a) A petición propia, comunicada por escrito, sen prexuízo das obrigas profesionais ou corporativas pendentes de cumprimento.
- b) Por pena de inhabilitación para o exercicio profesional imposta por sentenza xudicial firme.
- c) Por impago de dúas cotas colexiais ordinarias ou outras aportacións establecidas polo Colexio, previo requirimento fidedigno de pago efectuado polo Colexio no que se establecerá un termo de prórroga de trinta días hábiles.
- d) En cumprimento de sanción disciplinaria imposta, consonte ao previsto nestes Estatutos.

2. A Xunta de Goberno poderá acordar a suspensión cautelar da colexiación a partires do coñecemento fidedigno da apertura de xuízo oral ou procesamento dun/dunha colexiado/a por delito que na súa condena poida levar aparellada a inhabilitación profesional. Esta decisión haberá de adoptarse mediante resolución motivada, previa audiencia da/o interesada/o e a instrución do correspondente expediente.

3. No caso de sobrevir incapacidade física e/ou psíquica probadas que impidan o exercicio profesional, o/a interesado/a poderá optar entre darse de baixa no Colexio ou continuar colexiado/a como non exercente.

4. A perda da condición de colexiado/a dun/unha profesional que integre unha sociedade profesional será comunicada á Administración competente aos efectos previstos na Lei de sociedades profesionais.

#### **Artigo 9 . Reincorporación ao colexio**

A reincorporación ao Colexio rexerese polas mesmas normas da incorporación, debendo acreditar o/a solicitante, no seu caso, o cumprimento da pena ou sanción, cando este fose o motivo da súa baixa. Cando o motivo fose o impago de cotas ou aportacións, a/o solicitante haberá de satisfacer a débeda pendente máis os seus intereses legais desde a data do requirimento.

#### **Artigo 10. Membros de honra**

A Xunta de Goberno poderá outorgar o nomeamento de Membro de Honra do Colexio ás persoas que, polos seus merecementos científicos, técnicos ou profesionais, sexa cal fose a súa Titulación, contribuíran ao desenvolvemento da Psicoloxía ou da profesión de Psicólogo/a. O nomeamento terá mero carácter honorífico, sen prexuízo da participación na vida colexial e nos servizos do Colexio que poidan establecer as normas regulamentarias.

### **CAPÍTULO III. DOS DEREITOS E DEBERES DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS**

#### **Artigo 11 . Dereitos dos/as colexiados/as**

Son dereitos das/os colexiadas/os no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

- a) Exercer a profesión de Psicólogo/a.
- b) Ser asistidas/os, asesorados/as e defendidos/as polo Colexio, de acordo cos medios de que este dispoña e nas condicións que regulamentariamente se fixen, en cantas cuestións se susciten con motivo do exercicio profesional.
- c) Ser representadas/os pola Xunta de Goberno do Colexio, cando así o soliciten, nas reclamacións de calquera tipo dimanantes do exercicio profesional.
- d) Utilizar os servizos e medios do Colexio nas condicións que regulamentariamente se fixen.
- e) Participar como elector/a ou elixible en cantas eleccións se convoquen no ámbito colexial, intervir de xeito activo na vida do Colexio e ser informada/o das actuacións dos seus órganos de goberno.
- f) Participar nas sesións da Asemblea Xeral de colexiadas/os.
- g) Formar parte das Comisións e Seccións segundo o que regulamentariamente se estableza.
- h) Presentar á Xunta de Goberno escritos de suxestión, petición ou queixa e recibir da mesma a contestación oportuna.
- i) Recibir información regular sobre a actividade colexial e canta sexa de interese profesional a través dos medios de difusión informativa dos que o Colexio dispoña.

Ás/aos colexiadas/os non exercentes só lles serán de aplicación os dereitos recollidos nos apartados d), e) -exceptuando a posibilidade de ser elixibles-, f), g), h) e i) do presente artigo.

Os dereitos de sufraxio activo e pasivo nas eleccións para a provisión de cargos colexiais e de participación nos órganos colexiais son inherentes aos/ás colexiados/as persoas físicas, pero non ás sociedades profesionais.

#### **Artigo 12. Deberes dos/as colexiados/as**

Son deberes das/os colexiadas/os no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

- a) Exercer a profesión eticamente e en particular consonte ás normas deontolóxicas establecidas no Código Deontolóxico do Psicólogo/a promulgado polo Colexio.
- b) Cumprir as normas corporativas, así coma os acordos adoptados polos órganos de goberno do Colexio.
- c) Abonar as cotas e aportacións establecidas.
- d) Comunicar ao Colexio, dentro do prazo de trinta días, os cambios de residencia ou domicilio.
- e) Desempeñar responsablemente os cargos para os que fose elixida/o e as responsabilidades que lle fosen encomendadas.



- f) Non prexudicar os dereitos profesionais ou corporativos doutros/as colexiados/as.
- g) Cooperar coa Xunta de Goberno nas cuestións de interese xeral, e en particular, prestar declaración e facilitar información nos asuntos de interese colexial cando lle sexa requirido, sen prexuízo do segredo profesional.

Para as/os colexiadas/os non exercentes só serán de aplicación os deberes contemplados nos apartados b), c), d), f) e g) do presente artigo.

## **CAPÍTULO IV DOS PRINCIPIOS BÁSICOS REGULADORES DO EXERCICIO PROFESIONAL**

### **Artigo 13 . Exercicio da profesión**

A profesión de psicóloga/o pode exercerse de maneira liberal, individual ou asociadamente, e tamén a través de relación de natureza laboral con calquera empresa pública ou privada ou, se procede, a través de relación de natureza funcional.

En todo caso, a actuación profesional haberá de ser conforme coas normas deontolóxicas contidas no Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a aprobado polo Colexio, que son de obrigado coñecemento e cumprimento.

### **Artigo 14. Fundamentos do exercicio da profesión**

O exercicio da profesión baséase na independencia de criterio profesional, a adecuada atención ao cliente e o servizo á comunidade.

- a) A/o psicóloga/o non debe aceptar ningún traballo que atente contra a súa autonomía profesional, ou aqueles nos que se susciten problemas que non podan ser asumidos no estado actual da técnica.
- b) O/a psicólogo/a deberá manter unha formación científica e técnica continuada, para obter unha mellor capacitación profesional.
- c) Nos seus traballos, informes e diagnósticos, deberá distinguir coidadosamente o que presenta a nivel de hipótese, daquelas conclusións que poidan considerarse fundamentadas.
- d) A/o psicóloga/o ten o dereito e o deber de gardar o segredo profesional.

### **Artigo 15. Publicidade e competencia desleal**

O/a psicólogo/a estará sometido/a, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, á lexislación sobre defensa da competencia, competencia desleal e publicidade.

A/o psicóloga/o debe procurar, consonte cos usos científicos, a comunicación do seu saber á comunidade profesional.

### **Artigo 16 . Dereitos do/a cliente e/ou usuaria/o**

O/a cliente, e no seu caso as/os súas/seus representantes legais, deben coñecer os obxectivos e posibles consecuencias de calquera proceso ou tratamento que se vaia realizar. En todo caso, a/o psicóloga/o respectará a autonomía, liberdade de decisión e dignidade do/a cliente e/ou usuaria/o. Cando se atope diante de intereses persoais ou institucionais contrapostos, procurará o/a psicólogo/a realizar a súa actividade coa máxima imparcialidade. A prestación de servizos nunha institución non exime da consideración, respecto e atención ás persoas que poidan entrar en conflito coa institución mesma e das que a/o psicóloga/o, naquelas ocasións nas que lexitimamente proceda, haberá de facerse valedor ante as autoridades institucionais.

### **Artigo 17 . Traballos escritos**

Tódolos traballos profesionais que teñan que emitirse documentalmente, tais coma informes, ditames, diagnósticos, e análogos, deberán ser asinados polo/a profesional, expresando o seu número de colexiada/o e responsabilizándose do seu contido e oportunidade.

## **CAPITULO V DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA**

### **Artigo 18. Creación de Seccións profesionais**

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, e o desenvolvemento da ciencia psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia poderá crear Seccións que se rexerán polo seu regulamento de réxime interior e polo disposto nestes Estatutos.

Dentro da estrutura colexial as Seccións profesionais dependen organicamente da Xunta de Goberno e do/a Decano/a. A súa creación ou disolución será aprobada pola Asemblea Xeral de colexiadas/os a proposta e previo informe da Xunta de Goberno.

### **Artigo 19. Seccións. Ámbito e composición**

A Sección agrupa a todos/as aqueles/as colexiados e colexiadas no COPG integradas/os nun ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida, e que cumpren os requisitos específicos de formación ou experiencia científica e profesional establecidos regulamentariamente para pertencer a ela.

A Sección abarcará o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Artigo 20. Seccións. Regulamento marco**

A Asemblea Xeral de colexiadas/os aprobará, a proposta da Xunta de Goberno, un regulamento marco das Seccións profesionais, que contemplará os seguintes apartados:

- a) Natureza, fins e funcións.
- b) Da constitución, modificación e disolución das Seccións. Do seu regulamento de réxime interior.
- c) Membros. Da adquisición e perda da condición de membro. Dereitos e deberes dos/as membros.
- d) Competencias dos órganos directivos.
- e) Réxime económico e administrativo.

### **Artigo 21. Seccións. Fins e funcións**

1. Os fins e funcións de cada Sección deberán ser establecidos no seu regulamento e axustaranse ao disposto nestes Estatutos e no regulamento marco das Seccións.

2. Deberán contemplarse cando menos os seguintes fins:

- a) Potenciar o desenvolvemento científico, técnico e profesional, a investigación e a formación, no ámbito disciplinario da Sección.
- b) Promover a cooperación e o intercambio de información e experiencia profesional entre as/os membros da Sección.
- c) Velar polo exercicio competente da profesión no ámbito que lle é propio, e por unha práctica da profesión acorde co Código Deontolóxico do Psicólogo/a establecendo no seu caso os criterios ou requisitos de cualificación recomendables para un adecuado exercicio profesional.

3. Entre as funcións deberán contemplarse as seguintes:

- a) Funcións de potenciación do desenvolvemento científico profesional a través da organización de actividades de intercambio científico e profesional (congresos, xornadas, cursos de formación, etc.), das publicacións periódicas e non periódicas, do apoio e iniciativa na realización de investigacións ou estudos específicos, e doutras que no seu caso podan contribuir a este fin.
- b) Funcións que permitan velar polo prestixio da profesión entre as que cabe mencionar a acreditación de profesionais e dos programas de formación de posgrao dese ámbito específico.

## **Artigo 22. Seccións. Órganos directivos**

As Seccións dotaranse de dous órganos directivos: a Asemblea de Socios/as e a Xunta Directiva.

A Asemblea de Socias/os é o órgano supremo da Sección e estará constituída por tódolos/as membros da Sección, coas obrigas e dereitos que se establezan nos regulamentos correspondentes.

A Xunta Directiva, elixida na Asemblea de Socios/as, estará constituída pola/o Presidenta/e, o Vicepresidente/a, a Secretaria/o, o Tesoureiro/a, e un mínimo de tres vocais.

Serán nulos os acordos dos órganos directivos das Seccións que non respecten as competencias doutros órganos colexiais establecidos nestes Estatutos ou pretendan suplantalos.

## **Artigo 23. Requisitos para a creación dunha Sección**

- a) A Sección deberá representar un ámbito de identidade disciplinar e profesional recoñecido.
- b) Constitución dunha Comisión Xestora que dirixirá a solicitude de creación á Xunta de Goberno avalada por un mínimo de 30 colexiadas/os e acompañada dun informe xustificativo da conveniencia e identidade disciplinaria e profesional que abarcaría a Sección.
- c) Presentación á Xunta de Goberno para a súa aprobación da proposta de regulamento de réxime interior axustado ao regulamento marco de Seccións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- d) Aprobación da súa creación polos órganos de goberno competentes do Colexio, previa satisfacción do procedemento que se prevea no regulamento marco de Seccións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

## **CAPITULO VI DOS ÓRGANOS DO COLEXIO: CONSTITUCIÓN, COMPETENCIA E FUNCIONAMENTO.**

### **Artigo 24. Órganos do Colexio**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dótase dos seguintes órganos de goberno e representación colexial: A Asemblea Xeral de Colexiados/as, a Xunta de Goberno e o/a Decano/a.

A Asemblea Xeral de Colexiadas/os, cuxas competencias se desenvolven no artigo 28, é o órgano soberano de decisión do Colexio, ao que compete a elección da Xunta de Goberno e do/a Decano/a, así como a súa remoción mediante a moción de censura, segundo o procedemento establecido nestes estatutos.

A Xunta de Goberno é o órgano executivo de dirección e administración do Colexio. O/a Decano/a é o órgano presidencial ao que compete a execución dos acordos da Xunta de Goberno e a representación legal do Colexio.

### **Artigo 25. Asemblea Xeral de colexiadas/os. Convocatorias e constitución**

A Asemblea Xeral de colexiadas/os, constituída por tódolos/as colexiados/as, poderá reunirse en sesión ordinaria ou extraordinaria, previa convocatoria do/a Decano/a.

As sesións estarán presididas pola/o Decana/o -que moderará as xuntanzas concedendo ou retirando a palabra- actuando como Secretario/a quen o sexa da Xunta de Goberno, que levantará acta da reunión, co visto e praxe do/a Decano/a.

As sesións ordinarias da Asemblea Xeral de colexiadas/os serán convocadas sempre cunha antelación mínima dun mes á data da súa celebración, mediante comunicación escrita a tódolos/as colexiados/as, con expresión do lugar e hora de celebración para primeira e segunda convocatoria, así como da orde do día.

A Asemblea Xeral de colexiadas/os constituirase validamente en primeira convocatoria cando estean presentes a maioría absoluta das/os súas/seus membros e en segunda, que se producirá media hora máis tarde da primeira, sexa cal sexa o número de asistentes, coa excepción da convocada para a moción de censura ao/á Decano/a ou á Xunta de Goberno que requirirá para quedar validamente constituída o quórum establecido no artigo 28 h) destes Estatutos.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes tódolos/as integrantes e sexa declarada a urxencia do asunto por maioría simple de votos emitidos.

### **Artigo 26. Asemblea Xeral de colexiadas/os. Réxime de sesións**

A Asemblea Xeral de colexiados/as realizará, alomenos, dúas xuntanzas ordinarias ao ano no segundo e no último trimestre, para coñecer e decidir sobre os asuntos da súa competencia. Poderá xuntarse con carácter extraordinario a iniciativa da Xunta de Goberno, ou por petición do quince por cento das/os colexiadas/os, que irá dirixida ao/á Decano/a e que deberá expresar a orde do día dos asuntos a tratar. A/o Decana/o realizará de inmediato a convocatoria da Asemblea Xeral de colexiadas/os Extraordinaria para a súa celebración no prazo de trinta días e coa orde do día proposta polos/as solicitantes.

### **Artigo 27. Asemblea Xeral de colexiadas/os. Acordos**

A Asemblea Xeral de colexiadas/os adoptará as súas decisións por maioría simple, maioría absoluta ou maioría cualificada segundo o previsto nestes Estatutos.

## **Artigo 28. Asemblea Xeral de colexiadas/os. Competencias**

Serán competencias da Asemblea Xeral de colexiadas/os, ademais da elección do/a Decano e da Xunta de Goberno conforme ao procedemento establecido nestes estatutos, as que de seguido se expresan e que se exercerán polos sistemas de maioría previstos no artigo 27:

- a) Aprobación das actas das sesións (maioría simple).
- b) Coñecemento e aprobación da memoria anual de actividades, balance económico e orzamento do Colexio que lle presentará a Xunta de Goberno ao comezo de cada exercicio (maioría simple).
- c) Autorización para a inversión de bens colexiais a proposta da Xunta de Goberno (maioría simple).
- d) Elección dunha Comisión Censora de Contas formada por tres dos seus membros coa misión de supervisión e inspección da actividade económica e contable do Colexio cando o estime oportuno (maioría absoluta).
- e) Aprobación das propostas de cooptación de membros para suplir baixas na Xunta de Goberno a proposta desta (maioría absoluta).
- f) Aprobación de cotas extraordinarias (maioría absoluta).
- g) Nomeamento de Xunta de Goberno Provisional no suposto de imposibilidade de goberno da Xunta de Goberno (maioría absoluta).
- h) Realización de moción de censura contra o/a Decano/a e a Xunta de Goberno (maioría cualificada de dous terzos). A estes efectos a moción de censura deberá ser proposta a trámite alomenos polo 15% dos/as colexiados/as, mediante solicitude de convocatoria expresamente cursada de Asemblea Xeral de colexiadas/os extraordinaria para ese fin con esta única orde do día, e que requirirá para quedar validamente constituída a presenza do 15% dos/as colexiados/as. A aprobación da moción de censura suporá a apertura inmediata dun novo proceso electoral permanecendo en funcións a Xunta de Goberno e o/a Decano/a ata a toma de posesión dos novos cargos electos.
- i) Aprobar o Código Deontolóxico Profesional (maioría cualificada de dous terzos).
- j) Aprobar os nomeamentos e ceses de membros da Comisión de Ética e Deontoloxía e do/a Valedor/a das/os colexiadas/os, así como os seus respectivos regulamentos de funcionamento, a proposta da Xunta de Goberno (maioría cualificada de dous terzos).
- k) Aprobación, a proposta da Xunta de Goberno, da creación, composición e regulamento de funcionamento do Consello Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (maioría cualificada de dous terzos).
- l) Aprobación do outorgamento de premios ou distincións colexiais a iniciativa propia ou por iniciativa da Xunta de Goberno (maioría cualificada de dous terzos).
- m) Interpretar os Estatutos e regulamentos do Colexio e promover a súa modificación, a iniciativa propia ou por proposta da Xunta de Goberno (maioría cualificada de dous terzos).
- n) Creación de Delegacións e Seccións e aprobación dos seus regulamentos a proposta e previo informe favorable da Xunta de Goberno (maioría cualificada de dous terzos).
- o) Aprobación do regulamento electoral e das modificacións ao mesmo (maioría cualificada de dous terzos).

- p) Demanda de comparecencia ante a Asemblea Xeral de Colexiadas/os da Xunta de Goberno ou calquera outro órgano colexial para acadar informacións que se xulguen necesarias (maioría absoluta).
- q) Deliberar e acordar sobre tódalas demais cuestións que someta a súa competencia a Xunta de Goberno ou lle atribúan estes Estatutos.

### **Artigo 29. Xunta de Goberno. Composición**

1. A Xunta de Goberno estará constituída polo/a Decano/a, a/o Vicedecana/o, o/a Secretario/a, a/o Vicesecretaria/o, o/a Tesoureiro/a e oito vocais. Adoptará as súas decisións colexiadamente dun xeito democrático.

A Xunta de Goberno será elixida cada catro anos como máximo, por elección directa de tódolos/as Colexiados e Colexiadas que votarán listas pechadas e completas con especificación de cargos e segundo o previsto nestes Estatutos.

2. Causase baixa na Xunta de Goberno por:

- a) O falecemento.
- b) A expiración do termo ou prazo para o que fose elixida/o.
- c) Padecer enfermidade que incapacite para o exercicio do cargo.
- d) A renuncia.
- e) O traslado de residencia fóra do ámbito territorial do Colexio.
- f) A aprobación pola Asemblea Xeral de Colexiadas/os dunha moción de censura.
- g) Ter ditada resolución sancionatoria firme en expediente disciplinario.
- h) A baixa colexial.
- i) A falta de asistencia ás sesións da Xunta de Goberno, cando esta sexa inustificada e se produza a dúas sesións consecutivas ou a tres non consecutivas no prazo de doce meses.

2. Cando a Xunta de Goberno se atope ante a imposibilidade de gobernar como consecuencia de: voto de censura, cese de máis da metade dos/as seus/súas membros elixidos/as en votación directa colexial, cese da/o Decana/o e Vicedecano/a, ou imposibilidade material de se xuntar, a Asemblea Xeral de Colexiadas/os nomeará unha Xunta Provisional de tres integrantes que dirixirá a administración do Colexio ata a constitución dunha nova Xunta de Goberno nacida no proceso electoral que convocará no prazo máximo de dous meses.

3. Cando os ceses na Xunta de Goberno sexan inferiores á metade das/os súas/seus integrantes provenientes de elección directa colexial, e con excepción do/a Decano/a e Vicedecana/o, a Xunta de Goberno propondrá os/as candidatos/as para a cobertura das vacantes á Asemblea Xeral de Colexiadas/os que deberá autorizalas/os. Os/as candidatos/as referendados/as pola Asemblea Xeral de Colexiadas/os incorporaranse á Xunta de Goberno con tódolos dereitos e obrigas propios do cargo que ocupen.

### **Artigo 30. Xunta de Goberno. Reunións e convocatorias**

A Xunta de Goberno reunirase tantas veces sexa convocada polo/a Decano/a, a iniciativa propia ou a petición dun terzo das/os súas/seus compoñentes. En calquera caso reunirase, alomenos, unha vez cada dous meses.

A convocatoria farase pola/o Decana/o a través de comunicación escrita ás/aos súas/seus integrantes, cunha antelación mínima de corenta e oito horas á data de reunión e con expresión da Orde do Día e do lugar de realización da mesma.

Asemade estableceranse na convocatoria a hora de primeira e segunda convocatoria entre as que mediará un prazo de media hora.

A Xunta de Goberno quedará validamente constituída cando se atope presente a maioría dos/as seus/súas membros na primeira convocatoria ou calquera que fose o seu número na segunda, sendo en todo caso necesaria a presenza do/a Decano/a e do/a Secretario/a ou de quen os substitúan. Poderá constituírse tamén sen mediación de convocatoria formal cando atopándose presente a totalidade das/os súas/seus integrantes acepten por unanimidade a súa constitución.

Presidirá as reunións o/a Decano/a, levantándose Acta da sesión polo/a Secretario/a co visto e prace da/o Decana/o, debendo ser aprobada na mesma sesión ou na seguinte.

### **Artigo 31. Funcións do/a Decano/a e dos cargos da Xunta de Goberno**

1. Corresponde á/ao Decana/o:

- a) Ostentar a representación do Colexio, con tódolos dereitos e atribucións que se deducen das leis, regulamentos e normas colexiais.
- b) Convocar, presidir e moderar tanto a Asemblea Xeral de colexiadas/os como a Xunta de Goberno, e coordinar e dirixir as tarefas desenvolvidas por esta.
- c) Conferir apoderamento para cuestións xudiciais, previa autorización da Xunta de Goberno.
- d) Autorizar coa súa sinatura todo tipo de documentos colexiais, a apertura de contas correntes, a constitución e cancelación de todo tipo de fianzas e depósitos e o movemento de fondos de acordo coas propostas do/a Tesoureiro/a.

2. O/a Vicedecano/a substituirá ao/á Decano/a nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e desempeñará todas aquelas funcións que a/o Decana/o lle encomende.

3. O/a Secretario/a desempeñará as seguintes funcións:

- a) Redactar e dar fe das actas das sesións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Goberno
- b) Custodiar a documentación do Colexio, os expedientes das/os colexiadas/os e o Rexistro de sociedades profesionais do COPG.
- c) Expedir certificacións de oficio ou a instancia de parte interesada, co visto e prace do/a Decano/a.
- d) Expedir e tramitar comunicacións e documentos, dando conta dos mesmos á Xunta de Goberno e ao Órgano competente a quen corresponda.
- e) Exercer a xefatura do persoal administrativo e de servizos necesarios para a realización das funcións colexiais, así como organizar materialmente os servizos administrativos.
- f) Redactar a memoria de xestión anual para a súa aprobación na Asemblea Xeral de colexiadas/os.



g) Auxiliar ao/á Decano/a na súa misión e orientar cantas iniciativas de orde técnico e socio-profesionais deban adoptarse.

h) Cantas outras funcións sexan inherentes a súa condición de Secretaria/o.

4. O/a Vicesecretario/a auxiliará e compartirá as funcións da/o Secretaria/o e a/o substituirá nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade. No caso de ausencia, vacante ou enfermidade do/a Secretario/a e Vicesecretaria/o, un/unha membro da Xunta de Goberno elixido por ela substituirá ao/á Secretario/a e desempeñará todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno que estean relacionadas co seu cargo.

5. A/o Tesoureira/o deberá reflectir a súa xestión nos libros habituais, debidamente legalizados e reintegrados, asumindo a responsabilidade da recadación e custodia de fondos, coidará da execución do orzamento, pagos e contabilidade colexial e informará, polo menos trimestralmente, do seu desenvolvemento á Xunta de Goberno.

6. Os/as vocais desempeñarán os cometidos que lle sexan encomendados pola Xunta de Goberno, asistirán ás súas reunións e deliberacións e formarán parte de cada unha das Comisións ou grupos de traballo que se constitúan no Colexio.

### **Artigo 32. Competencias da Xunta de Goberno**

Son competencias da Xunta de Goberno:

- a) Ostentar a representación do Colexio.
- b) Executar os acordos que a Asemblea Xeral de colexiadas/os adopte no ámbito das súas competencias.
- c) Manifestar en forma oficial e pública a opinión do Colexio nos asuntos de interese profesional.
- d) Presentar estudos, informes e ditames cando lles sexan requiridos ou por iniciativa propia, asesorando deste xeito á Administración. A estes efectos a Xunta de Goberno poderá formar grupos de traballo e estudo, ou designar ás/ós colexiadas/os que estime oportuno para preparar tales estudos ou informes.
- e) Designar, cando fora oportuno, representantes do Colexio en calquera ámbito previa consulta aos órganos do Colexio directamente relacionados co obxecto da representación.
- f) Acordar o exercicio de accións e a interposición de recursos administrativos e xurisdicionais.
- g) Propoñer á Asemblea Xeral de colexiadas/os para a súa aprobación os nomeamentos ou ceses de colexiados/as integrantes da Comisión de Ética e Deontoloxía, así como o do Valedor dos/as colexiados/as e os seus respectivos regulamentos de funcionamento. Igualmente cos/as substitutos/as das vacantes que se poidan producir na composición da propia Xunta de Goberno.
- h) Propoñer á Asemblea Xeral de colexiadas/os para a súa aprobación a creación do Consello Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a súa composición e o regulamento de funcionamento da mesma.
- i) Propoñer á Asemblea Xeral de colexiadas/os a creación de Seccións e Delegacións provinciais e a aprobación dos seus regulamentos.
- j) Regular os procedementos de incorporación, baixa, pago de cotas e outras aportacións.

- k) Exercer as facultades disciplinarias previstas nos Estatutos e máis en particular a imposición de sancións.
- l) Organizar as actividades e servizos de carácter cultural, profesional, asistencial e de previsión, en beneficio dos/as colexiados/as.
- m) Recadar as cotas e aportacións establecidas, elaborar o orzamento e o balance anual, executar o orzamento e organizar e dirixir o funcionamento dos servizos xerais do Colexio.
- n) Informar ás/aos colexiadas/os das actividades e acordos do Colexio e preparar a memoria anual da súa xestión.
- o) Proponer á Asemblea Xeral de colexiadas/os o outorgamento de premios ou distincións colexiais.
- p) Resolver os recursos contra a denegación de incorporación ao Colexio.
- q) Resolver os recursos contra actos ou acordos dos órganos do Colexio Oficial de Psicoloxía, cando proceda.
- r) Dirimir os conflitos que poidan suscitarse entre as Seccións ou Delegacións do Colexio.
- s) Convocar as eleccións a órganos de goberno.
- t) Crear Consellos Asesores de carácter temporal para funcións de apoio e asesoramento á propia Xunta de Goberno en asuntos da súa competencia.
- u) Someter calquera asunto de interese xeral á deliberación e acordo da Asemblea Xeral de colexiadas/os.

### **Artigo 33 . A Comisión Permanente**

A Xunta de Goberno poderá actuar en Comisión Permanente, que estará constituída, alomenos, polo/a Decano/a, a/o Vicedecana/o, o/a Secretario/a, a/o Vicesecretaria/o e o/a Tesoureiro/a. A Comisión Permanente asumirá as funcións que nela delegue a Xunta de Goberno en Pleno.

As súas decisións deberán ser ratificadas pola Xunta de Goberno.

## **CAPITULO VII DA PARTICIPACIÓN DOS/AS COLEXIADOS/AS NOS ÓRGANOS DE GOBERNO E NA ACTIVIDADE COLEXIAL. DO RÉXIME ELECTORAL.**

### **Artigo 34. Dereito das/os colexiadas/os a participar na elección de cargos**

Tódolos/as colexiados/as teñen dereito a participar como electoras/es para formar os órganos de goberno do Colexio, así como nas actividades científicas, sociais, culturais, organizativas ou de calquera outro tipo que desenvolva o Colexio, conforme ao previsto nas normas colexiais. Só poderán ser elixibles os/as colexiados/as exercentes.

Quedan exceptuadas/os aquelas/es que se atopen cumprindo sanción que ocasione a suspensión dos seus dereitos colexiais.

### **Artigo 35. Constitución de grupos de traballo**

Os/as colexiados/as poderán crear Grupos de Traballo no marco colexial coa única limitación de que o obxecto dos mesmos se adecúe aos fins e funcións colexiais previstos nestes Estatutos e non colisionen coas competencias e funcións doutros órganos colexiais. O seu funcionamento deberá ser autorizado pola Xunta de Goberno, unha vez valorados o seu obxectivo e funcións, así como, se procede, o previo informe da Sección ou Seccións coas que se relacione a súa actuación.

### **Artigo 36. Eleccións**

As eleccións á Xunta de Goberno realizaranse cada catro anos como máximo. A convocatoria de eleccións realizarase, cun mínimo de tres meses de antelación á data da súa celebración, pola Xunta de Goberno ou pola Xunta de Goberno Provisoria no caso do cese da anterior. A convocatoria de eleccións especificará a composición da Comisión Electoral, a data de celebración das mesmas, o calendario electoral, o procedemento de votación, escrutinio e proclamación, así como os recursos procedentes e os medios colexiais postos a disposición dos/as candidatos/as concorrentes.

Para tódolos efectos electorais só serán electoras/es e elixibles os/as colexiados/as que ostenten tal condición o día da convocatoria das eleccións. As comunicacións previstas neste capítulo só se lle remitirán ás/aos mesmas/os e só estas/es estarán lexitimados/as para interpor reclamacións e recursos sobre o proceso electoral.

Constituiranse sete distritos electorais ós que serán asignados as/os colexiadas/os en función do seu lugar de residencia. O día da votación existirá unha mesa electoral en cada un dos distritos emprazada nas súas cidades de referencia que serán Ferrol, A Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra, Lugo e Ourense; sendo a mesa electoral de Santiago a única que poderá recibir voto por correo ademais de voto directo procedente dos/as colexiados/as do seu distrito. As/os colexiadas e colexiadas só poderán votar directamente na mesa electoral do seu distrito ou por correo na mesa de Santiago.

### **Artigo 37. Presentación e proclamación de candidaturas**

Para concorrer ás eleccións á Xunta de Goberno deberán presentarse candidaturas completas, pechadas e con expresión da persoa proposta para cada cargo, mediante escrito dirixido ao/á Presidenta/e da Comisión Electoral e avalado por un mínimo de 50 colexiados/as que con sinatura orixinal expresarán o seu apoio á presentación da candidatura.

Poderán presentarse candidaturas no prazo de 45 días naturais contados desde o día da convocatoria de eleccións, a partir dos cales e no prazo de cinco días a Comisión Electoral proclamará as candidaturas validamente presentadas comunicándollo a tódolos/as colexiados/as. Fronte a esta decisión e no prazo de cinco días calquera colexiada/o poder

presentar reclamación á proclamación, que a Comisión Electoral resolverá noutros cinco días realizando a proclamación definitiva.

Será elixida a candidatura a Xunta de Goberno que obteña máis votos. De haber unha única candidatura concorrente será proclamada, sen necesidade de votación, finalizado o proceso electoral. En caso de igual número de votos entre as candidaturas máis votadas repetirase o proceso electoral.

### **Artigo 38. Da Comisión Electoral**

A Comisión Electoral constituirase no momento da convocatoria de eleccións á Xunta de Goberno e nos procesos electorais realizados nas Seccións ou Delegacións, e ten como competencias a proclamación de candidaturas, a proclamación de resultados, a recepción e resolución de reclamacións sobre o proceso electoral, a supervisión do proceso e a adopción das medidas que xulgue oportunas para preservar a igualdade dos/as Colexiados/as ante o mesmo e a pureza democrática daquel, mesmo a de suspensión do proceso electoral en curso.

A Comisión Electoral estará formada por tres membros procedentes da Comisión de Ética e Deontoloxía: a/o Presidenta/e, o/a Secretario/a da mesma e unha/un vocal elixida/o entre os/as seus/súas membros que desempeñarán as mesmas funcións que lles son propias na Comisión de Ética e Deontoloxía.

Nas súas actuacións estará especialmente apoiada polo/a Secretario/a da Xunta de Goberno e o/a Asesor/a Xurídico/a do Colexio.

### **Artigo 39. Mesas electorais**

O día das eleccións constituirase en cada un dos distritos a mesa electoral que estará formada por un/unha Presidente/a, dous vocais e un/unha Secretario/a que non sexan candidatos/as. Os/as membros das mesas serán elixidos/as por sorteo supervisado pola Comisión Electoral entre as/os Colexiadas/os de cada distrito. Os/as candidatos/as poderán designar un/unha interventor/a para cada mesa no prazo de vinte e catro horas anteriores ao inicio da votación.

### **Artigo 40. Votación**

As/os Colexiadas/os exercerán o seu dereito ao voto nas papeletas e sobres oficiais autorizadas polo Colexio. Poderán exercelo directamente presentándose ante a súa mesa electoral na xornada electoral identificándose mediante DNI ou carné de Colexiado/a ou documento acreditativo da identidade legalmente recoñecido, e depositarán o seu voto en urna precintada. A/o Secretaria/o deberá anotar nos oportunos listados o nome dos/as Colexiados/as que depositaron o seu voto.

Igualmente admitirase o voto electrónico cando se dean as condicións legais e técnicas para a súa emisión, o que se explicitará en cada convocatoria de eleccións.

### **Artigo 41. Voto por correo**

Poderase asemade exercer o voto por correo certificado. A este fin, os/as Colexiados/as que vaian exercer este dereito deberán solicitalo por escrito á Comisión Electoral, a cal lles remitirá a documentación necesaria: certificación de autorización de voto por correo, papeletas, sobre de papeleta e un sobre máis grande. A/o Colexiado/a remitirao á/ao Presidenta/e da mesa electoral de Santiago xuntando a certificación de autorización de voto, unha fotocopia asinada ao efecto do carné de Colexiado/a ou do DNI do/a votante ou de calquera outro documento acreditativo da identidade legalmente recoñecido, non caducado, e o outro sobre pechado no que irá a papeleta oficial de voto. Só se considerarán válidos os

votos por correo recibidos na mesa electoral de Santiago antes da hora de peche da votación.

#### **Artigo 42. Actas de votación e escrutinio**

Cada Secretario/a de Mesa levantará acta das votacións e das súas incidencias, que deberá ser asinada por tódolos/as membros da mesa e polas/os interventoras/es se os houbera, podendo estes/as facer constar as súas queixas. Terminada a votación realizarase o escrutinio, que será público, incluíndose na acta o resultado.

Serán nulas as papeletas que conteñan emendas, tachas ou modificacións que puideran inducir a erro e os sobres que conteñan máis dunha papeleta.

No prazo de vinte e catro horas a/o Secretaria/o remitirá ao/á Presidente/a da Comisión Electoral as actas de votacións e as listas de votantes. A Comisión Electoral resolverá, con carácter definitivo, as reclamacións dos/as interventores/as e adoptará as decisións oportunas ante as demais incidencias rexistradas.

Recibidas tódalas actas e listas de votantes a mesa electoral de Santiago comprobará que os votos enviados por correo no prazo regulamentario corresponden a colexiados/as que non o exerceron directamente, procedendo a continuación a abrir os sobres introducindo as papeletas na urna para o seu posterior escrutinio e conservará os sobres exteriores como proba potencial ante posteriores reclamacións e remitirá acta de votación á Comisión Electoral.

A Comisión Electoral fará públicos os listados dos/os votantes, con especificación expresa de quen o fixo por correo, durante dez días ao final dos cales e despois de resolver as reclamacións que puideran presentarse proclamará definitivamente os resultados e os comunicará ás/aos colexiadas/os e á Consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de colexios profesionais.

#### **Artigo 43. Anulación das votacións e repetición das eleccións**

Cando á vista das incidencias ou queixas formuladas, a Comisión Electoral decida anular a votación nunha ou varias Mesas Electorais, a Xunta de Goberno procederá a convocala de novo para que se celebre no prazo máximo de dous meses, suspendéndose ata entón a proclamación dos resultados definitivos.

Cando unha vez contabilizados pola Comisión Electoral os votos validamente emitidos se produza un empate entre dúas ou máis candidaturas, a Xunta de Goberno procederá á convocatoria inmediata dun novo proceso electoral.

#### **Artigo 44. Recursos en materia electoral**

As decisións da Comisión Electoral poden recorrerse nos prazos establecidos nos artigos anteriores deste capítulo sen prexuízo dos demais recursos previstos nas leis, que en calquera caso non paralizarán o proceso electoral nin a executividade das decisións recorridas, salvo sentenza firme.

## **CAPITULO VIII. DA COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA**

### **Artigo 45. Composición**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia constituirá entre as/os súas/seus membros a Comisión de Ética e Deontoloxía que estará formada por un/unha Presidente/a, unha/un Secretaria/o e tres vocais, coas atribucións propias dos seus cargos.

A Comisión de Ética e Deontoloxía disporá de total independencia, e facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións, dispoñendo de cantos medios reclame entre os do Colexio para o exercicio do seu cometido.

### **Artigo 46. Elección**

Os/as membros da Comisión de Ética e Deontoloxía coas expresións do cargo que ocuparán na mesma serán elixidas/os ou cesadas/os pola Asemblea Xeral de colexiadas/os, co voto favorable das dúas terceiras partes das/dos asistentes, a proposta da Xunta de Goberno, que a formulará asemade co voto favorable das dúas terceiras partes dos/das seus/súas integrantes.

As/os membros da Comisión de Ética e Deontoloxía serán elixidas/os para un período de catro anos, renovándose a Comisión parcialmente cada dous anos da forma establecida no seguinte parágrafo.

A primeira elección producirase aos dous anos da constitución da Comisión de Ética e Deontoloxía e corresponderá ao/á Secretario/a e ás/aos dúas/dous vocais impares, correspondendo a seguinte ao/á Presidente/a e á/ao vocal par, e así no sucesivo.

Os/As integrantes da Comisión de Ética e Deontoloxía non poderán en ningún caso volver a ser elixidas/os para a mesma función ata catro anos despois da finalización do seu cometido.

### **Artigo 47. Competencias**

A Comisión de Ética e Deontoloxía ten como competencias:

- a) Emitir informes de carácter vinculante no referido á cualificación disciplinaria dos actos profesionais que se sometan á súa valoración por razóns deontolóxicas e consultivo en tódolos demais temas relacionados coa normativa deontolóxico-profesional.
- b) Promover comportamentos éticos no exercicio da profesión a través dos instrumentos educativos que xulgue oportunos.
- c) Desenvolver o Código Deontolóxico, as normas reguladoras do correcto exercicio profesional e a normativa reguladora dos procedementos de actuación propios da Comisión.
- d) Constituír a Comisión Electoral cando proceda desempeñando as funcións que lle son propias.

### **Artigo 48. Funcionamento**

Os sistemas de funcionamento e adopción de decisións da Comisión de Ética e Deontoloxía estableceranse regulamentariamente. En calquera caso deberá adoptar os seus acordos por maioría absoluta.

A Comisión de Ética e Deontoloxía presentará ante a Asemblea Xeral de colexiadas/os informes anuais da súa actividade sen prexuízo da protección da información de carácter confidencial que obtivese como froito das súas actuacións.

## **CAPÍTULO IX DO RÉXIME ECONÓMICO E ADMINISTRATIVO. DA COMISIÓN CENSORA DE CONTAS.**

### **Artigo 49. Recursos económicos e patrimonio do Colexio**

O Colexio deberá contar cos recursos necesarios para o cumprimento dos seus fins, estando obrigadas/os as/os colexiadas/os a contribuír ao seu sostemento na forma regulamentaria.

### **Artigo 50. Procedencia dos recursos económicos do Colexio**

Son recursos económicos do Colexio aqueles procedentes da recadación das cotas ordinarias, extraordinarias e de incorporación de colexiados/as, da percepción de taxas ou pagos por servizos, da recepción de subvencións, legados ou doazóns e da obtención de rendementos da actividade colexial, publicacións, ditames ou informes e dos seus propios bens e dereitos. A recadación e xestión dos recursos económicos é competencia da Xunta de Goberno.

### **Artigo 51 . Do orzamento e balance económico. Da auditoría.**

Cada ano natural a Xunta de Goberno elaborará Balances económicos e Orzamentos anuais que incluírán a totalidade de gastos e ingresos colexiais así como a distribución de recursos entre as diferentes estruturas organizativas do Colexio, e que presentará á Asemblea Xeral de colexiadas/os para a súa aprobación.

Os balances e contas de resultados do Colexio serán auditados anualmente en cada exercicio, así como cando se produza a renovación ordinaria, total ou parcial dos órganos directivos, sen prexuízo da función fiscalizadora que corresponde aos organismos públicos legalmente habilitados para iso.

### **Artigo 52. Execución do orzamento anual**

A execución do orzamento e a dirección dos servizos do Colexio estarán a cargo da Xunta de Goberno, sen prexuízo das funcións que poidan atribuírse a Seccións e Delegacións.

### **Artigo 53. Da Comisión Censora de Contas**

A Asemblea Xeral de colexiadas/os elixirá por maioría absoluta á Comisión Censora de Contas formada por tres dos/das seus/súas membros que poderán examinar a contabilidade colexial cando o estimen oportuno, estando obrigados/as ao segredo sobre o coñecido no exercicio da súa función sen prexuízo da súa obriga de informar das súas actuacións á Asemblea Xeral de colexiadas/os.

O seu funcionamento deberá establecerse regulamentariamente.

A Xunta de Goberno garantirá en todo momento o libre acceso da Comisión Censora de Contas á documentación contable que requira para o cumprimento da súa función.

### **Artigo 54. Disolución do Colexio**

A disolución do Colexio non poderá efectuarse máis que por cesación dos seus fins, previo acordo da Asemblea Xeral de colexiadas/os. A disolución, unha vez acordada pola Asemblea Xeral de colexiadas/os, requirirá a aprobación por Decreto.

No caso de disolución do Colexio, a Xunta de Goberno actuará como Comisión Liquidadora, sometendo á Asemblea Xeral de colexiadas/os propostas do destino dos bens sobrantes, unha vez liquidadas as obrigas pendentes, adxudicándollos a calquera entidade non lucrativa de ámbito galego que cumpra funcións relacionadas coa Psicología e de interese social.

### **Artigo 55 . Publicidade dos acordos**

Os acordos e normas colexiais deberán ser publicados, ben mediante a súa inserción no órgano de información pertinente do Colexio, ben mediante circular, de forma que poidan ser coñecidos por tódolos/as colexiados/as.

Notificaranse individualmente ás/aos interesadas/os os acordos que afecten os seus dereitos e intereses.

### **Artigo 56 . Arquivo de actas**

O arquivo e conservación de actas dos diversos órganos colexiais, así coma a documentación contable, levaranse polos sistemas técnicos adecuados, sempre que garantan suficientemente a autenticidade.

### **Artigo 57 . Sometemento ás leis e estatutos dos actos colexiais**

Tódolos actos do Colexio estarán sometidos, no non previsto especificamente nos presentes Estatutos, ás normas legais e regulamentarias aplicables, concretamente á Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As notificacións deberán ser cursadas no prazo de dez días a partires da data na que o acto fose ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de si é ou non definitivo na vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, órgano ante o que houberan de presentarse e prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

### **Artigo 58 . Nulidade e anulabilidade dos actos dos órganos colexiais**

Cando o Colexio actúe como entidade de dereito público, serán nulos de pleno dereito os seguintes actos dos órganos colexiais:

- a) Os que lesionen o contido esencial dos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou o territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.

### **Artigo 59 . Revisión de actos nulos**



Cando a/o Decana/o teña coñecemento da existencia dun acto nulo ou anulable, ditado no exercicio de funcións públicas, actuará conforme ás disposicións legais establecidas para a revisión de actos nulos, anulables ou establecidas para a revogación de actos administrativos.

Unha vez iniciado o procedemento de revisión de oficio, o/a Decano/a poderá declarar a suspensión da execución do acto.

#### **Artigo 60. Recursos contra os actos dos órganos colexiais**

O réxime de recurso estará suxeito, en tanto o Colexio actúe en exercicio de funcións públicas, á Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Contra os actos e acordos dos órganos directivos de Seccións poderá interporse recurso perante a Xunta de Goberno.

Os actos e acordos da Asemblea Xeral de colexiados/as e da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa. Contra eles pódese interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto ou acordo.

## **CAPÍTULO X DO RÉXIME DISCIPLINARIO E DE DISTINCIÓNS.**

### **Artigo 61. Aceptación da disciplina colexial**

Por virtude da colexiación, as/os colexiadas/os aceptan o réxime disciplinario do Colexio, que integra as competencias para previr e corrixir exclusivamente as infraccións dos deberes colexiais e das normas de deontoloxía profesional, que se establezan con carácter xeral.

### **Artigo 62 . Clasificación das faltas**

As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Son faltas leves:

- a) O incumprimento das normas establecidas polo Colexio sobre documentación profesional.
- b) A desatención aos requirimentos de informes e outros documentos que realice o Colexio.
- c) A falta de respecto ás/aos compañeiras/os, sempre que non implique grave ofensa ás/aos mesmas/os.
- d) O incumprimento das normas sobre publicidade profesional.
- e) A infracción das normas deontolóxicas contidas no Código Deontolóxico que non supoñan desprestixio para o colectivo profesional nin prexuízo para un terceiro.

Son faltas graves:

- a) A acumulación, no período dun ano, de tres ou máis sancións por falta leve.
- b) A infracción das normas deontolóxicas contidas no Código Deontolóxico que non teña o carácter de leve.
- c) As ofensas graves aos/ás compañeiros/as.
- d) Os actos e omisións que atenten á moral, dignidade ou prestixio da profesión.
- e) A infracción grave do segredo profesional, con prexuízo para terceiro.
- f) A emisión de informes ou expedición de certificados faltando á verdade.
- g) O incumprimento dos deberes que corresponden aos cargos electos nos órganos colexiais.

Son faltas moi graves:

- a) A acumulación de dúas ou máis faltas graves no prazo de un ano.
- b) Calquera conduta constitutiva de delito doloso cometida no exercicio da profesión.

### **Artigo 63. Sancións. Prescrición**

As faltas leves serán sancionadas mediante apercibimento por escrito, con constancia no expediente da/o colexiada/o.

As faltas graves serán sancionadas con suspensión do exercicio profesional ou, no seu caso, con suspensión do mandato do/a infractor/a ata un ano.

As faltas moi graves serán sancionadas con suspensión no exercicio profesional superior a un ano, ou expulsión do Colexio.

As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

#### **Artigo 64 . Imposición de sancións**

A imposición de sancións ás/aos colexiadas/os é competencia da Xunta de Goberno, previa instrución de expediente no que, en todo caso, se dará audiencia ao/á interesado/a, observándose ademais os principios establecidos por disposicións legais ou regulamentarias para a tramitación destes procedementos.

A Xunta de Goberno dará traslado do coñecemento das presuntas faltas á Comisión Deontolóxica cando o contido destas sexa concernente á cualificación disciplinaria dos actos profesionais. A Comisión Deontolóxica instruirá o correspondente expediente, nomeando instrutor/a, valorando o contido dos feitos, con observancia das disposicións legais ou regulamentarias reguladoras dos procedementos sancionadores, e finalmente emitirá ditame para resolución pola Xunta de Goberno.

Contra a imposición de sancións caberá recurso na forma prevista nestes Estatutos e nas Leis aplicables, sen prexuízo doutros que a/o interesada/o considere oportuno interpor.

#### **Artigo 65 . Baixa por impago de cotas**

Non requirirá a instrución de expediente a baixa do/a colexiado/a polos motivos b) e c) do artigo 8 destes Estatutos.

#### **Artigo 66 . Inasistencia ás reunións dos órganos de goberno do colexio**

As/Os membros da Xunta de Goberno que deixen de asistir inxustificadamente a dúas sesións consecutivas do correspondente órgano ou a tres non consecutivas dentro do prazo de doce meses, poderán ser cesadas/os no seu cargo por acordo da Xunta de Goberno, que non requirirá de formación de expediente previo.

#### **Artigo 67. Premios e distincións**

A Asemblea Xeral de colexiadas/os, a proposta da Xunta de Goberno ou por iniciativa propia, decidirá sobre o outorgamento de premios, distincións ou honras a persoas ou entidades que co seu esforzo teñan contribuído excepcionalmente ao progreso da Psicoloxía en Galicia. A Asemblea Xeral de colexiadas/os adoptará a súa decisión favorable co apoio das dúas terceiras partes dos asistentes.

## **CAPÍTULO XI. DO/A VALEDOR/A DOS/AS COLEXIADOS/AS**

### **Artigo 68. O Valedor/a dos/as colexiados/as**

A figura do/a Valedor/a dos/as colexiados/as ten como obxecto a defensa dos dereitos e lexítimos intereses destes/as, tanto diante da actuación dos diferentes órganos colexiais, agás a Comisión de Ética e Deontoloxía, como pola intervención de terceiros.

O/a Valedor/a pode actuar a resultas dun escrito de queixa formulado por unha/un ou varias/os colexiadas/os, ou de oficio.

A proposta da Xunta de Goberno será elixida/o pola Asemblea Xeral de colexiadas/os, por maioría cualificada de dous terzos, para un período de cinco anos. Poderá ser elixido/a Valedor/a calquera colexiado/a do COPG cunha antigüidade mínima de cinco anos ininterrompidos de colexiación, que non teña sido sancionado/a por infracción deontolóxica e que estea ao corrente nas súas obrigas económicas co Colexio.

Anualmente renderá contas da súa xestión presentando un informe á Asemblea Xeral de colexiadas/os e exercerá as súas funcións con autonomía e segundo o seu criterio, desempeñando as seguintes competencias:

- a) Admisión ou rexeitamento motivado das queixas recibidas, previa apertura do correspondente expediente.
- b) Actuación de oficio diante de actos ou resolucións de calquera órgano colexial que puideran vulnerar dereitos das/os colexiadas/os ou ser contrarios a estes Estatutos.
- c) A apertura de informacións previas á persecución legal que corresponde á Xunta de Goberno, nos casos de intrusismo profesional e de competencia desleal.
- d) A mediación en conflitos profesionais entre colexiados/as.
- e) Calquera outra que veña recollida no regulamento de funcionamento da institución do/a Valedor/a dos/as colexiados/as e faga referencia á defensa dos intereses destes/as.

A Asemblea Xeral de colexiadas/os, a proposta da Xunta de Goberno, aprobará o devandito regulamento por maioría cualificada de dous terzos.

## **CAPÍTULO XII DO CONSELLO SOCIAL DO COPG**

### **Artigo 69. O Consello Social**

O Consello Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia é o órgano estábel de asesoramento, análise e estudos sobre a profesión naquelas cuestións que lle sexan encomendadas polos órganos de goberno do COPG.

A súa composición e regulamento de funcionamento serán propostos pola Xunta de Goberno á Asemblea Xeral de colexiadas/os para a súa aprobación por maioría cualificada de dous terzos.

## **CAPÍTULO XIII DAS INCOMPATIBILIDADES.**

### **Artigo 70. Incompatibilidade de cargos colexiais**

Son incompatibles entre si os cargos de Decana/o, Presidenta/e de Seccións e Delegacións.

É incompatible ser membro da Comisión Censora de Contas con formar parte da Xunta de Goberno ou presidir Seccións ou Delegacións.

É incompatible con calquera outro cargo colexial definido nestes Estatutos o cargo de membro da Comisión de Ética e Deontoloxía e o de Valedor/a dos/as colexiados/as.

## **CAPÍTULO XIV. DA REFORMA DOS ESTATUTOS**

### **Artigo 71. A reforma dos Estatutos**

A reforma dos presentes Estatutos require o acordo da Asemblea Xeral de colexiadas/os co voto favorable das dúas terceiras partes dos votos emitidos.

## **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

### **Primeira**

Como colexio único do ámbito galego, o COPG exercerá as facultades que a lexislación autonómica lle outorgue aos Consellos de Colexios de Galicia.

### **Segunda**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queda subrogado en todos os dereitos e obrigas da antiga Delegación de Galicia do COP.